

ONDE HAI MÁIS SINDICATO HAI MÁIS E MELLORES DEREITOS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, mantivo este mércores un encontro cos medios de comunicación para analizar a situación económica, política e social e presentar as propostas do sindicato de cara ao novo ano.

Pepe Álvarez comezou a súa intervención manifestando que “afrontamos os retos sindicais nun 2025 con moitas incertezas” polo avance da ultradereita no panorama político internacional e a irrupción de Donald Trump ou Elon Musk que “pode ser un desastre desde o punto de vista global”. Por iso, é fundamental seguir traballando de xeito conxunto co sindicalismo internacional e defender unha Unión Europea máis forte e máis social.

Con respecto a España, incidiu en que empezamos o ano “sen visos de que poida haber un proceso de diálogo ou entendemento para abordar os principais problemas endémicos”, en especial, o cambio climático, “que tivo unha expresión profundamente dramática na Comunidade Valenciana coa DANA” a cuxos afectados quixo enviar unha mensaxe de afecto e solidariedade.

“Volvo hoxe a reclamar un Pacto de Estado contra o cambio climático que sitúe cando e de que maneira tense que actuar para facer fronte a estas catástrofes e que os traballadores e traballadoras teñan unha folla de ruta para saber que teñen que facer cando hai unha alerta”, explicou.

En relación cos retos do sindicato para 2025, Álvarez sinalou, en primeiro lugar, que, tras catro anos desde a aprobación da reforma laboral, vai pedir ao Ministerio de Traballo que se realice un estudo sobre a mesma e poder facer un balance, sobre todo con respecto a unha parte precaria do sistema produtivo do noso país, que ten que ver cos servizos temporais e que se liquidou coa figura do fixo-descontinuo “que é extremadamente positiva”.

Avaliación da Reforma Laboral

O secretario xeral de UGT destacou que “os fixos-descontinuos supoñen o 6,4% do total das contratacións en España e

tendo en conta cales son os sectores afectados, é unha porcentaxe realmente baixa, por iso preocúpame que haxa organizacións políticas que cuestionen esta figura sen dar alternativas e xeren bulos sobre un sistema que deu bos resultados permitindo a moitas familias estabilizar a súa situación cunha garantía de emprego. Nós ímolo a defender porque o contrario a iso é a desregulación”.

“Ademais, queremos saber cal é o efecto dos contratos a tempo parcial sobre os sistemas produtivos do noso país porque nos consta que hai casos nos que se está facendo un uso tremendamente abusivo, como o sector dos coidados ou o telemarketing”, sinalou.

“Por iso, queremos facer este estudo que permita poder abordar estas e outras cuestións con datos por se, cando algúns partidos cheguen ao poder, cambian un sistema que está a funcionar e que reduciu a temporalidade ao 12,5%, un dato histórico que está por baixo da media europea e é consecuencia directa da Reforma Laboral”, engadiu.

Emprego de calidade, redución de xornada e SMI

Pepe Álvarez resaltou que “España necesita crear traballo de calidade e ten unha oportunidade coa nova Lei de Industria que é unha boa base sobre a que dar un paso adiante e virar a un modelo produtivo do século XXI grazas ás enerxías renovables ou as novas tecnoloxías, pero tamén para poder alcanzar un acordo xeral”.

Ademais, fixo alusión á necesidade de lograr a aprobación do acordo en materia de redución do tempo de traballo, algo sobre o que se vai a seguir traballando cos grupos parlamentarios e que ten unha pata, que é o control horario, “que debe implantarse máis aló do debate parlamentario” debido a que “hai que acabar coas máis de dous millóns e medio de horas extra non remuneradas e temos mecanismos para iso”.

En relación co SMI, deixou claro que “a



negociación cos sindicatos e os empresarios non comezou aínda”, que UGT irá á mesa de Diálogo coa proposta de subir esta renda entre un 5 e un 6% e que para o sindicato é moi importante que o Comité de Expertos clarifique que estatística vai utilizar para poder chegar ao 60% do salario medio”.

Outros retos fundamentais

Álvarez incidiu en que “chegou o momento de desenvolver políticas efectivas e integradoras en materia de vivenda e actuar nas Comunidades Autónomas máis tensionadas e con menos oferta” con políticas concretas e en condicións de integración para que non proliferen guetos e suceda como en países como Francia ou Bélxica.

Ademais, subliñou tamén a importancia de que se aprobe o último acordo en materia de xubilación, a necesidade de afrontar a migración desde unha perspectiva humanista e liquidar o problema dos menores non acompañados, así como seguir traballando en materias como a igualdade, establecendo protocolos LGTIB nas empresas e revisando os plans de igualdade, ou a saúde e seguridade no traballo, cunha modificación da Lei.

Por todo iso, Pepe Álvarez recalcou a importancia do papel dos sindicatos para que a sociedade avance e lembrou que “os feitos demostran que alí onde hai organizacións sindicais fortes hai mellores condicións laborais, xornadas máis curtas e mellores salarios, por tanto, máis e mellor sindicato significa máis e mellores dereitos”.

SEGUIR MELLORANDO AS CONDICIÓNS DE TRABALLO, UN DOS RETOS DESTE 2025

É necesario seguir aumentando a calidade do emprego, reformar as políticas activas de emprego, subir o SMI e, especialmente relevante, lograr a redución de xornada laboral ata as 37,5 horas semanais

Redacción.- Os datos de paro rexistrado e de afiliación á Seguridade Social do mes de decembro, publicados polo Servizo Público de Emprego (SEPE), rexistran unha evolución positiva do mercado de traballo en consonancia co que adoita ocorrer na tempada do Nadal.

Así mesmo, neste mes, o paro rexistrado reduciuse en 2.904 persoas con respecto ao mes anterior, de forma que o ano termina cun total de 118.838 persoas en situación de desemprego, o dato máis baixo para un mes de decembro desde 1996. Á súa vez, a afiliación acumula un total de 1.079.573 persoas. Ademais, o ano acaba con 10.666 persoas menos en desemprego e 17.290 máis na afiliación, un signo inequívoco de que o mercado de traballo está dentro dunha moi favorable dinámica de crecemento tanto en cantidade como en calidade.

Este decembro cúmprense tres anos desde a aprobación da reforma laboral de 2021 e, polo que se pode apreciar, o avance en materia de calidade e estabilidade do emprego é notable e sostido no tempo, segundo os datos publicados. A taxa de temporalidade da afiliación é boa proba diso. De feito, tres anos despois atópase no 14,72%.

En materia de contratación, o SEPE continúa rexistrando un volume de contratación similar ao do ano pasado, sendo moi importante ademais que unha boa parte dos mesmos sexan indefinidos. Así, neste decembro asináronse 52.163 contratos, 3.420 máis que o mesmo mes do ano anterior. Do total que se asinaron este mes, 14.061 son indefinidos, o que supón o 26,96% da contratación. En definitiva, tras a reforma laboral rexístranse menos contratos que antes, pero estes son máis estables e de maior calidade, reducindo os contratos temporais e permitindo que a figura do contrato indefinido sexa máis representativa.

Pero tamén hai que atender outros problemas instalados no mercado laboral, como sucede co subemprego, que afecta en Galicia a unhas 80.000 persoas. Estas persoas traballan a tempo parcial por non poder atopar un traballo a tempo completo, o que resulta xeralmente en peores condicións de traballo, menores ingresos e, polo tanto, en maior probabilidade de pobreza laboral.

Por iso, en opinión de UGT, en 2025 debe continuarse a senda de mellora nas condicións de traballo instaurada tras a reforma laboral para alcanzar un mercado de

traballo máis eficiente e xusto. Como se contrastou, aumentar a calidade do emprego ten beneficios para as persoas traballadoras, pero tamén para a economía en xeral, polo que é especialmente relevante lograr a redución da xornada laboral ata as 37,5 horas semanais e unha importante subida do Salario Mínimo Interprofesional, entre outras medidas. Ambas están moi relacionadas coa pobreza laboral, debido a que incrementan o salario de quen menos gañan e xeran unha repartición do tempo de traballo que aumentará o emprego a tempo completo. Outro aspecto que hai que reformar neste ano son as políticas activas de emprego, posto que as persoas desempregadas, especialmente aquelas que o son de longa duración, requiren dunha orientación profesional personalizada e do mellor conxunto de servizos posible en cada situación, para que así mellore a súa empregabilidade e poidan atopar traballo. Para poder ofrecer este servizo, non só deben reformarse as políticas activas de emprego, senón que se debe dotar dos recursos necesarios para iso ao Servizo Público de Emprego.

En definitiva, a economía española debe continuar a súa transformación para ser máis forte, eficiente e sostible, aproveitando os cambios que deben chegar, sobre todo no mercado laboral, para desenvolverse cunha visión socialmente xusta.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos, en Galicia o desemprego baixou en 2.904 persoas con respecto ao mes anterior (2,39%), e no Estado esta cifra tamén baixou, un 0,98%. No ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 10.666 persoas, un 8,24% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 118.838 persoas, mínimo histórico nun mes de decembro en Galicia dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixou tamén, nun 8,14%, e no ano a diminución foi dun 9,52%.

Por sexos, no mes o desemprego baixa en ambos, un 0,79% entre os homes e no caso das mulleres baixa nun 3,54%. No ano baixou o desemprego tamén en ambos casos, o 7,37% entre os homes e o 8,87% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase



de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 57,36% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 68.160 mulleres, fronte a 50.678 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes de decembro baixou en todos, salvo na construción, como ben sendo recorrente neste sector a final do ano. Así, baixa un 1,15% na industria; un 4,98% no colectivo sen emprego anterior; un 2,64% nos servizos; e un 1,41% no sector primario. Pola contra, sobe o 2,03% na construción. No ano baixa en todos. Así, diminúe un 14,07% no primario; o 11,83% na industria; o 12,63% na construción; o 7,53% no sector servizos; e o 4,09% entre o colectivo de sen emprego anterior.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 27%. Realizáronse en decembro un total de 52.163 contratos en Galicia. Antes da reforma laboral, no mes de decembro de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 9,46%.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 66,5%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 26%; na industria, do 21,6%; e no primario, do 53,8%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 72,94%, con 80.401 persoas beneficiarias. Deste total, 36.822 perciben subsidios e 3.802 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 39.777. Aída así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.079.573 de media mensual, descendo un 0,14% no mes e aumentando un 1,63% no ano.

UGT FICA DENUNCIA QUE LEVANTINA DEIXE “TIRADAS” A 95 FAMILIAS E INSTA Á XUNTA A QUE SE IMPLIQUE NA PROCURA DE ALTERNATIVAS

Redacción.- A empresa Levantina, cunha factoría no Porriño (Pontevedra), pretende finiquitar a súa actividade industrial en Galicia para o cal ven de presentar un ERE que afectaría a 95 traballadores da planta galega que leva máis de tres décadas en activo.

Nun encontro cos medios de comunicación, o secretario xeral de UGT FICA Vigo, Rubén Pérez, explicou que a empresa do sector da pedra e granito acaba de anunciar un ERE que en Galicia afectaría a 95 traballadores, deixando así “tiradas” a 95 familias e a todo un sector industrial en Galicia porque é a principal empresa do sector. Todo isto, a xuízo de Pérez, sen facer un mínimo esforzo por continuar coa actividade produtiva nesta Comunidade.

A partir de agora hai un mes para desenvolver as negociacións coa empresa, aínda que, ademais disto, UGT insta ás administracións a que se impliquen no proceso de procura de alternativas que garantan a viabilidade dunha actividade industrial que é rendible. Ademais, o secretario xeral de UGT FICA Vigo apuntou que o contrario supoñería a perda dun importante sector para o tecido pro-

ductivo galego.

Por outra banda, denunciou que Levantina leva meses dando síntomas da súa falta de interese por este proxecto que leva máis de 30 anos funcionando con bos resultados en Galicia.

Por todo isto, UGT insta a Levantina a que cambie a súa decisión ou a que facilite a chegada doutros inversores que garantan a viabilidade da factoría e a súa actividade e, polo tanto, futuro.

Pérez aclarou que xa están solicitadas reunións no eido administrativo, por unha banda, co alcalde do Porriño, pola importancia que esta empresa ten para este Concello, e, por outro lado, coa propia Xunta á que, dende xa, se lle esixe a súa implicación.

A partir de agora, están previstas asembleas co cadro de persoal co fin de analizar a situación e prever mobilizacións na procura dunha solución co fin de evitar que 95 familias queden desprotexidas.



CALENDARIO LABORAL 2025

Consulta as datas de festivos nacionais, autonómicos e locais para o ano 2025 na páxina web de UGT-Galicia

<https://www.ugtgalicia.org/calendario-laboral-2025>

A calendar for January 2025. The dates 11, 18, and 26 are circled. A hand is pointing to the date 26. The calendar is part of a larger graphic that includes the title "CALENDARIO LABORAL 2025" and text about consulting the website for national, autonomous, and local holidays.